



falaRedes

programa de dinamización lingüística

A CASA DO TERROR

Despois de percorrer os escenarios galegos co libro-disco infantil *Estamos no verán!!!*, Xoán Curiel e a Banda Son+d2, acompañados pola bailarina Marta Alonso, presentan no FalaRedes o seu novo espectáculo: *A Casa do Terror*.

A Casa do Terror é unha aventura onde o fio condutor sobre o escenario será un grupo de amigos que se verá obrigado a durmir nunha casa encantada. Alí vivirán episodios divertidos e terroríficos relacionados coa música, a amizade e a superación dos propios medos. A perspectiva do terror trátase neste espectáculo dun xeito divertido e lévase a cabo a través de orixinais personaxes coma as pulgas sombis, o lobo lover, ratatiburóns, gativampros, o monstro da lavadora, a pantasma con asma, e un longo etc. Trátase dun divertido e dinámico espectáculo musical con cancións, danzas, elementos teatrais ou de clown e sobre todo moita participación do público asistente. Dende o primeiro instante o público será partícipe desta terrorífica aventura na que haberá risas, coreografías e algún que outro susto.

O proxecto está pilotado polo artista fonsagrado Xoán Curiel, que logo da súa experiencia como actor, músico e mesmo bailarín en diferentes compañías teatrais, triunfa agora como músico desde a gravación en 2009 do seu primeiro disco, *Nai*. A súa anterior experiencia nos escenarios infantís foi con *Estamos no verán!!!* e, ao igual que nese caso, este novo espectáculo tamén será editado como libro-disco por Galaxia ao longo do ano 2018.

A Casa do Terror está dirixido a público de 7 a 12 anos e ás súas familias e chegará este verán a 15 concellos da Rede de Dinamización Lingüística. Coma sempre no FalaRedes, a entrada é libre e de balde ata completar a capacidade das salas. Toda a información sobre a nova edición xa está dispoñible no Portal da Lingua Galega en www.lingua.gal/FalaRedes.

Malvidos e malvidas a..... *A Casa do Terror!!!*



@Falaredes



Rede de Dinamización Lingüística

A CASA DO TERROR

XULLO

- Domingo 1: **A Laracha**, na praza do campo da feira de Paiosaco, no marco da Feira das Cereixas, ás 19:30 horas
- Venres 6: **Castro de Rei**, na Casa da Cultura Castro de Ribeiras de Lea, ás 20:30 horas
- Venres 20: **Serra de Outes**, na Casa da Cultura, ás 18:15 horas
- Sábado 21: **Cambados**, no exterior do Pazo de Torrado, ás 12:00 horas
- Sábado 28: **Pontearreas**, na Praza Maior (no auditorio Reveriano Soutullo en caso de choiva), no marco da programación da Feira do Libro, ás 21:00 horas
- Domingo 29: **Melide**, na Praza do Convento, ás 20:30 horas

AGOSTO

- Venres 31: **Ames**, na Casa da Cultura do Milladoiro, ás 18:00 horas



SETEMBRO

- Domingo 2: **Castro Caldelas**, na Praza do Prado (en caso de choiva, no Salón Nobre do Castelo), ás 12:00 horas
- Domingo 2: **Ribadavia**, no Auditorio Manuel María da Casa da Cultura, ás 19:00 horas
- Venres 7: **Ourense**, na praza de San Martiño (no Auditorio Municipal, en caso de choiva), ás 18:00 horas
- Domingo 9: **Narón**, na Casa da Cultura, ás 18:00 horas
- Xoves 27: **Tui**, no Teatro Municipal, ás 19:00 horas
- Venres 28: **A Estrada**, na alameda municipal (no Teatro Principal, en caso de choiva), ás 19:00 horas
- Sábado 29: **Moaña**, no auditorio do Centro Sociocultural Daniel Castelao, ás 11:30 horas
- Sábado 29: **Burela**, no auditorio da Casa da Cultura, ás 19:30 horas

